

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de outubro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día once de outubro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1105).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión da sesión extraordinaria e urxente do 25 de setembro e ordinaria do 27 de setembro de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. alcalde-presidente.

2(1106).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 11/1338, 13/356.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 27.09.13, conformadopola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a:

- Carmen Freito Fernández. Expte. 1338/11.
- Isolina Alvarez Alvarez. Expte. 356/13.

3(1107).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) SETGA S.L. EXPTE. 4541/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 2.10.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a SETGA, S.L. a fianza de 4.651 euros constituída para responder de iluminación do campo de fútbol e instalacións do Lagares, xa que as obras foron recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

B) IMES S.A. EXPTE. 4572/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 27.09.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a IMES, S.A. a fianza de 3.591 euros constituída para responder da prestación do servizo de atención ó público e conserxería de Centros Cívicos, xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

4(1108).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A “VIII CARREIRA POPULAR VIGO+11” O VINDEIRO 20 DE OUTUBRO. EXPTE. 12400/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 20.09.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Delegación de la Federación Gallega de Atletismo, a organizar o vindeiro 20 de outubro de 2013, a “VIII CARREIRA POPULAR VIGO + 11”. A carreira comezará ás 10.30 horas con saída e chegada na rúa Concepción Arenal, co seguinte percorrido Concepción Arenal, Alameda, García Olloqui, Montero Ríos, Carral, Marqués de Valladares, Colón, Areal, Isaac Peral, García Barbón, Colón, Alameda, García Olloqui, Montero Ríos, Cánovas del Castillo, Beiramar, As Ánimas, Tomás Alonso, Coruña, Travesas -centro comercial-, parte dereita Camelias, Álvaro Cunqueiro, Camelias, Venezuela, Gran Vía, Urzáiz, Colón, Concepción Arenal -meta-.

5(1109).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA S.L. PARA A

REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS- CURSOS AFD 2013. EXPTE. 10380/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.10.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 2.10.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a sinatura do convenio entre D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, concelleiro delegado de Area de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013, e D^a Benilde Villar González, con DNI 35562802H, en representación da empresa AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L., para a regulación da realización das prácticas que realicen os alumnos participantes nos cursos AFD.

2º.- En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia da entrada en vigor do mesmo.

3º.-Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, una relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A EMPRESA AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS INCLUIDAS NO PROGRAMA FORMATIVO DE ALUMNOS DOS CURSOS AFD (Accións Formativas para Desempregados), segundo as bases reguladoras da orde de 31 de decembro de 2012.

Vigo, XXX de outubro de 2013

REÚNENSE:

Por unha parte, D. Santos Hector Rodríguez Díaz, concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en representación do Concello de Vigo, con enderezo social na Praza do Rey, nº 2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF: P-3605700H, en virtude da delegación conferida por decreto de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013.

Da outra, D^a Benilde Villar González, con DNI 35562.802H e enderezo na rúa Camelias nº51 de Vigo, C.P. 36211, que actúa en nome e representación da empresa AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L., inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra co número 00612.A09j, por tempo indefinido e en escritura outorgada o 1 de abril de 2009 polo notario D. Anotnio A. Salgueiro Armada.

Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,

EXPOÑEN

Que ambas as partes recoñécense recíprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.

Que o obxecto do presente acordo é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento das Prácticas dos alumnos dos cursos AFD, segundo as bases reguladoras da Orde de 31 de decembro de 2012 da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

ACORDAN

Subscribir o presente acordo de colaboración para o desenvolvemento da formación en centros dependentes do Concello de Vigo para o alumnado dos cursos AFD.

CLÁUSULAS

Primeira.- O alumnado dos cursos AFD desenvolverán actividades formativas programadas no centro de formación e servizos do Concello de Vigo, sen que isto implique relación laboral algunha con esta institución, ésta será polo tanto estrictamente académica.

Segunda.- O Concello de Vigo colaborará na formación do alumnado dos cursos AFD sen que en ningún momento poida verse afectado o seu normal funcionamento.

Terceira.- Calquer accidente que o alumno poida sufrir dentro ou fóra do Concello de Vigo estará cuberto por un SEGURO DE ACCIDENTES e unha PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL a favor do alumno/a, contratada por AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L., e que comprenderá todo o período de prácticas. O alumno, baixo ningún concepto, podrá reclamar responsabilidades ao Concello de Vigo.

O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá un gasto derivado do presente Convenio, nin de danos e perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias do Concello de Vigo.

Cuarta.- De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal, non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas; obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puidesen derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de segredo antes citado.

Quinta.- A entidade responsable da docencia fará un seguimento do alumnado en coordinación co responsable por parte do Concello de Vigo, o xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, Francisco J. Gutierrez Orúe.

Sexta.- Número de prazas

O Concello de Vigo acollerá dous (2) alumnos do curso “Actividades administrativas na relación co cliente” de AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA en calidade de estada de prácticas.

Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio (incorpórase o listado dos alumnos no anexo 1).

Sétima.- Número de horas e horario

As prácticas que realicen os alumnos deste curso de "Actividades administrativas na relación co cliente" consistirán en 160 horas, a realizar de 4 de novembro ao 11 de decembro de 2013; repartidas en 7 horas diarias e cun horario que será de 08,00 horas a 15,00 horas.

Os días 28 e 29 de novembro, e o día 2 de decembro, os alumnos non terán prácticas porque realizarán os módulos transversais teóricos en AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORIA; o día 27 de novembro só realizarán 1 hora de prácticas e día 11 de decembro, 6 horas de prácticas.

As prácticas non serán recompensadas economicamente a ningún alumno.

Oitava.- O presente acordo poderase extinguir por finalización do tempo convindo e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas e que se lle deberá comunicar a outra cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas:

a) Cesamento de actividades do centro docente ou dos centros dependentes do Concello de Vigo.

b) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.

c) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.

d) Mútuo acordo entre AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, adoptado pola súa dirección, e o Concello de Vigo, adoptado pola súa parte. Igualmente poderase rescindir para un alumno ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no acordo por decisión unilateral do Centro de Formación ou do Concello de Vigo, ou conxuntamente de ambos os dous, nos seguintes casos:

d.1) Falta de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas á realización das prácticas.

d.2) Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia coa persoa interesada.

O alumno aceptará que en calquer momento se lle poida requerir que abandone definitiva o temporalmente as dependencias do Concello, sen que poida esixir ningún tipo de indemnización, previa comunicación a AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA.

Novena.- O presente acordo entrará en vigor durante o presente ano 2013, sen prexuízo de que se prorrogue automaticamente para os vindeiros anos, se non é denunciado por algunha das dúas partes.

E, en proba de conformidade, asinan as partes o presente convenio no lugar e data indicados ao comezo.

6(1110).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A ADECUACIÓN DA PARCELA PARA APARCAMENTO NO POLIDEPORTIVO DE NAVIA. EXPTE. 1956/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.08.13, o informe de fiscalización do 4.10.13 e de acordo co informe-proposta do 23.09.13, do xefe de Área de Fomento, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro-delegado de dita Área e a concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a contratación das obras correspondentes o proxecto para a “Adecuación da parcela para aparcamento no Polideportivo de Navia”, polo procedemento negociado sen publicidade.

SEGUNDO: Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación das obras para a “Adecuación da parcela para aparcamento no Polideportivo de Navia”, redactado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e o Xefe de Área de Fomento en data 16 de xullo de 2013.

TERCEIRO: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras para a “Adecuación da parcela para aparcamento no Polideportivo de Navia” redactado polo Xefe de Área de Fomento en data 23 de setembro de 2013.

CUARTO: Autorizar o gasto por un importe máximo de 240.000 € ive incluído . Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento da area de Deportes, da partida 3410.619.00.00 “URBANIZACIÓN ENTORNO POLID. E CAMPO DE FUTBOL DE NAVIA”, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

QUINTO: Abrir o procedemento licitatorio para a selección do adxudicatario na forma prevista na lexislación vixente.

7(1111).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DE “HUMANIZACIÓN RÚA ARAGÓN FASE 2, SEN CUSTO ADICIONAL”. EXPTE. 2450/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 7.10.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autorizar para encargar a redacción dun proxecto que baixo a denominación “Modificado nº 1 do proxecto de Humanización dá Rúa Aragón, Fase II”, recolla as modificacións necesarias para levar a cabo a obra, non significando incremento algún no orzamento da mesma.

Segundo.- Autorizar a moratoria no prazo de execución da obra, polo período de tempo que transcorra ata a aprobación do proxecto “Modificado nº 1 do proxecto de Humanización dá Rúa Aragón, Fase II”.

8(1112).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DUNHA ANTENA PLANA, DÚAS NOVAS LIÑAS DE CABEL E DOUS ROUTERS NO EDIFICIO CONSISTORIAL. EXPTE. 2076/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 1.10.13, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

Con data 16 de xullo pasado a Axencia para a modernización Tecnolóxica, dependente da Xunta de Galicia, presenta no rexistro xeral escrito solicitando autorización para a instalación nas dependencias (terraza planta 12) dunha antena plana, dúas novas liñas Cable e dous routers no edificio consistorial, para dar cobertura a Residencia de Maiores Arieiro e a Residencia de Maiores Meixoeiro.

Para realizar este tipo de conexión precísase dun centro base xa conectado á Rede Corporativa da Xunta de Galica por banda ancha.

A antena ten unhas dimensións de 30 cm x 30 cm, un peso de 3 Kg., e un consumo eléctrico de 30 Wh.

Os routers colocaranse no interior do armario de comunicacións no que actualmente se atopa o que da servizo á liña que enlaza o concello coa Rede Corporativa da Xunta de Galicia.

Polo que, á vista do anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Autorizar á Xunta de Galicia, a instalación nas dependencias do Concello de Vigo dunha antena, dúas novas liñas Cable e dous routers co obxecto de dar servizo á Residencia de Maiores Arieiro e a Residencia de Maiores Meixoeiro, tendo en conta que todos os gastos de instalación e posterior mantemento e conservación serán por conta do Departamento de Telecomunicacións da Xunta de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1113).- PROXECTO DE “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA BOÁN”. EXPTE. 2347/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3.10.13, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 1.10.13, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o pasado 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do citado acordo, establécese o compromiso por parte da entidade concessionaria do servizo de levar a cabo a execución do Plan de Inversións según as cuantías e prazos que se indican no citado documento. Dentro das inversións a realizar na anualidade do 2013 se acorda incluír o proxecto de Renovación das redes de saneamento e abastecemento na Rúa Boán.

Tendo en conta a orde de servizo do Sr. Concelleiro da Área de Fomento de data 16 de abril de 2013, na que declara de urxencia e execución inaprazable o proxecto de Renovación das redes de saneamento e abastecemento na Rúa Boán, acórdase incluír o mesmo dentro das inversións a realizar na anualidade do 2013.

A Xunta de Goberno Local de data 26 de abril de 2013, acorda encargarse á empresa Aqualia a redacción do proxecto de referencia.

Con data setembro de 2013, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA" presentou proxecto redactado por Esinpro, S.L. Para a Renovación das redes de saneamento e abastecemento na Rúa Boán, por un importe total de 341.160,42 € (IVE excluído).

Con data 1 de outubro, o Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castañón informa ao respecto indicando que os prezos das distintas unidades son adecuados atendendo ao cadro de prezos de unidades de obra que rixe as obras de inversións da Entidade Concesionaria aprobado en Xunta de Goberno Local de data 22 de marzo de 2013, e aos prezos xerais do mercado.

Ao mesmo tempo e en data 1 de outubro a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA", presenta os custos asociados ao proxecto por un importe de 14.320,14 € (IVE excluído), detallados do seguinte xeito:

• Redacción do proxecto	5.733,79 €
• Asistencia técnica.....	5.733,79 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	1.433,45€
Suma.....	12.901,03€
11 % Gastos Xestión.....	1.419,11€
Total (IVE excluído).....	14.320,14 €

O Enxeñeiro Industrial, D. Jerónimo Centrón Castañón, indica no seu informe de data 1 de outubro que as porcentaxes respecto do PEM do proxecto correspondense cos ratios que utiliza a Área de Fomento.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobación do proxecto para executa-las obras de " Renovación das redes de saneamento e abastecemento na Rúa Boán", por un importe total de 341.160,42 € (IVE excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

2º.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 14.320,14 € (IVE excluído) d'accordo co seguinte detalle:

• Redacción do proxecto	5.733,79 €
• Asistencia técnica.....	5.733,79 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	1.433,45 €
Suma.....	12.901,03 €
11 % Gastos Xestión.....	1.419,11 €
Total (IVE excluído).....	14.320,14 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1114).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE “OBRAS DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 2059/440.

Visto o informe de fiscalización do 2.10.13, e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 27.09.13, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Recoñecer e aboar á UTE, Civisglobal (antes Movexvial, S.L.) - Construcciones Crespo, S.L, a cantidade de 248.000,00€ (I.V.E. incluído) en concepto de revisión de prezos pola totalidade do contrato de “ obras de acondicionamento, mantemento e conservación das infraestructuras viarias do Concello de Vigo” asinado pola citada UTE e o Concello de Vigo con data, 30/09/2010 e que rematou o 30/09/2013.

2º.- Dar traslado do acordo á Intervención Xeral para que proceda a expedir a correspondente carta de pago.

3º.- A presente resolución notifíquese á UTE Civisglobal (antes Movexvial, S.L.) - Construcciones Crespo, S.L, advertíndolle que contra a mesma poderá interpor recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á notificación.

Tamén potestativamente, se non interpuso o anterior, poderá interpor ante este Órgano, recurso de reposición no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución, que se entenderá desestimado se transcorre outro sen resolver; en cuxo caso poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ofrecido anteriormente pero no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte á denegación presunta do recurso de reposición.

11(1115).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS. EXPTE. 102236/140.

Visto o informe do interventor xeral, do 2.10.13, a Xunta de Goberno local acorda aprobar a seguinte relación de xustificantes de libramentos:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificadido	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
ABALDE COMESA-ÑA RAQUEL	201300029451	9120.2200100	700,00	749,80	30/04/13	08/08/13	30/07/13	----	49,8
ABALDE COMESA-ÑA RAQUEL	201300038392	9120.2279910	484,00	484,00	05/06/13	10/06/13	05/09/13	----	----

ALONSO FERRA- GUD SANTIAGO	201300033496	9222.2210300	1.500,00	1.131,81	20/05/13	16/09/13	20/08/13	368,19	----
CABRERA RIANDE JORGE	201300040107	3133.2279900	1.000,00	979,01	14/06/13	06/09/13	14/09/13	20,99	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	201300029654	9220.2219902	500,00	420,65	30/04/13	26/07/13	30/07/13	79,35	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	201300029679	2311.4800000	3.000,00	1.940,00	02/05/13	07/08/13	02/08/13	1.060,00	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	201300048630	9221.2250100	370,56	370,56	26/07/13	07/08/13	26/10/13	----	----
ESPADA RE CAREY LUIS	201300033082	1693.2230000	1.000,00	776,06	15/05/13	02/08/13	15/08/13	223,94	----
ESPADA RE CAREY LUIS	201300033083	1693.2300000	500,00	----	15/05/13	02/08/13	15/08/13	500,00	----
ESPADA RE CAREY LUIS	201300033084	1693.2310000	500,00	----	15/05/13	02/08/13	15/08/13	500,00	----
ESPADA RE CAREY LUIS	201300038714	1693.2279900	17.999,00	17.685,55	11/06/13	28/08/13	11/09/13	313,45	----
ESPADA RE CAREY LUIS	201300038715	1693.2200100	500,00	444,50	11/06/13	03/09/13	11/09/13	55,50	----
ESPADA RE CAREY LUIS	201300043902	1693.2200000	500,00	500,00	04/07/13	02/08/13	04/10/13	----	----
ESPADA RE CAREY LUIS	201300045942	1693.2260100	500,00	447,70	17/07/13	13/09/13	17/10/13	52,30	----
ESPADA RE CAREY LUIS	201300047045	1693.2330000	6.851,40	6.851,40	23/07/13	23/09/13	23/10/13	----	----
FERNÁNDEZ FER- NÁNDEZ PAZ	201300031015	2310.7800000	20.000,00	19.415,54	06/05/13	05/08/13	06/08/13	584,46	----
GONZÁLEZ DO- MÍNGUEZ LUZ Mª	201300045944	3380.4890007	31.500,00	31.500,00	16/07/13	07/08/13	16/10/13	----	----
GONZÁLEZ DO- MÍNGUEZ LUZ Mª	201300047550	3380.2260906	125.485,30	106.474,99	23/07/13	06/08/13	23/10/13	19.010,3 1	----
GONZÁLEZ DO- MÍNGUEZ LUZ Mª	201300051992	3380.2260906	28.074,20	28.074,20	14/08/13	18/09/13	14/11/13	----	----
GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO J.	201300029687	2410.2312000	900,00	----	02/05/13	29/08/13	02/08/13	900,00	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	201300024767	9120.2260100	3.000,00	1.835,02	12/04/13	02/08/13	12/07/13	1.164,98	----
VIVERO MIJARES ANTONIO	201300032531	1320.2269900	3.000,00	753,65	15/05/13	10/09/13	15/08/13	2.246,35	----
VIVERO MIJARES ANTONIO	201300032532	1320.2312000	600,00	46,80	15/05/13	11/09/13	15/08/13	553,20	----
VIVERO MIJARES ANTONIO	201300037974	1340.2269900	1.500,00	1.443,19	04/06/13	26/09/13	04/09/13	56,81	----
VIVERO MIJARES ANTONIO	201300047062	1340.2269901	9.000,00	8.972,00	23/07/13	03/09/13	23/10/13	28,00	----
TOTAL			258.964,46	231.296,43				27.717,8 3	49,80

12(1116).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE VEGO SUPERMERCADOS S.A. SOBRE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL. EXPTE. 9685/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 09-10-13, do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo conformado pola concelleira-delegada de área; visto así mesmo o informe xurídico, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a proposta de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U. para o desenvolvemento de actividades de sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente conforme aos informes e documentación obrante no expediente número 9685/306 e co texto que de seguido se indica.

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE “VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U.”
(GRUPO VEGALSA-EROSKI)*

En Vigo, _____ de _____ de dous mil trece.

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

E doutra, D. Joaquín González Iglesias, director xeral da entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U. (pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI), con CIF A-36651313, e domicilio Social en rúa Gambrinus nº11, 15008-La Coruña, na representación desta, segundo resulta da Escritura de Poder realizada ante o Notario de Vigo Don Gerardo García Boente Sánchez, en fecha 29/12/1998, co número 3666 do seu Protocolo.

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

1. Que o Concello de Vigo, ao abeiro do establecido no artigo 25.2.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade coa lexislación do estado e da comunidade autónoma de Galicia, ten atribuído competencias na protección do medio ambiente.

A área municipal de Medio Ambiente, en virtude da resolución da alcaldía do 7 de febreiro de 2013 (BOP do 06/03/2013), exerce competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente.

Neste sentido, o Concello de Vigo: a través da Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos dentro do programa “camiño a camiño” e outros.

Estas actividades medioambientais tentan achegar a cidadanía á natureza, aos recursos naturais, á flora e fauna existentes na nosa contorna, fomentando hábitos de vida saudables, sustentables, mediante camiñatas, accións formativas dando a coñecer a natureza de Vigo, a comarca e Galicia enteira, na que participan anualmente un elevado número de veciños e que, en definitiva, pretende fomentar a sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente.

A promoción de boas prácticas cidadás relativas á xestión sustentable dos residuos, a reciclaxe, a eficiencia enerxética e outros que contribúen á utilización responsable dos recursos dispoñibles.

A Xunta de Goberno Local en sesión do día 4 de outubro de 2013, aprobou un proxecto de actividades de sensibilización medioambiental a desenvolver de outubro a decembro de 2013.

2. Que Vego Supermercados, S.A.U. é unha compañía galega de distribución alimentaria pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI, con presenza en todo o territorio galego, mediante 240 supermercados, 9 plataformas de distribución e redistribución de mercadorías; frota de camións e unha Escola da Distribución Alimentaria; ten máis do 20% da cota do sector en Galicia, emprega a 4.500 traballadores, sendo a sexta empresa do país pola súa facturación; ten entre os seus valores o respecto ao medio ambiente e o desenvolvemento de políticas de sustentabilidade.

3. Que a compañía, fundada en Vigo por Ventura González Prieto, mantén no Troncal una Plataforma de distribución, con Vego Supermercados, S.A.U e outras empresas do grupo. Dispón de 500 traballadores en persoal en Vigo, con vinte tendas, oficinas centrais e unha plataforma loxística

4. Que entre as súas actuacións desenvolve o proxecto “Desenvolvemento Sustentable. Residuo Cero” que valorou o conxunto de actividades e melloras ambientais posto en marcha pola compañía e do cal se expón o “proxecto Tenda Sustentable”. Desenvolve ademais unha campaña anual de sensibilización ambiental dirixida aos seus clientes e á sociedade galega, centrada nos máis pequenos coa lema “Dálle cor á natureza”. Igualmente realiza unha actuación anual de “Plantación de Árbores” na que implica aos seus traballadores, como compensación do CO2 emitido pola súa frota de camións e o conxunto da súa actividade.

O proxecto “Tenda Sustentable” recolle as propostas e investimentos do Grupo VEGALSA-EROSKI no medio ambiente e sustentabilidade, así como un conxunto de accións concretas de eficiencia enerxética e de plans de xestión de residuos, reciclado, aforro de auga, control de emisións, procesos loxísticos e medio ambiente, etc., a implantar tanto nas tendas das distintas insignias como nos sistemas centrais de xestión da compañía, nas plataformas de distribución e na frota de vehículos.

5. Ámbalas dúas partes pretenden desenvolver accións conxuntas de sensibilización e educación medioambiental cara a protección do medio ambiente.

Ambas as partes consideran a conveniencia de establecer este convenio de colaboración e

ESTIPULAN

PRIMEIRO.- Que a entidade Vego Supermercados, S.A.U. comprométese a colaborar, no que lle fose posible, co Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente de Vigo, no marco dos seus programas de sensibilización e educación ambiental e, en particular, a:

- Colaborar no programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custe de cinco rutas por Vigo (días 20, 27 de outubro, 17 e 24 de novembro e 1 de decembro), dúas rutas fora de Vigo (os días 3 e 10 de novembro), 5 cursos de formación medioambiental, das previstas no proxecto de actividades de sensibilización medioambiental aprobadas por acordo da Xunta de Goberno local de data 4 de outubro de 2013, ata un importe máximo de quince mil (15.000.-) euros máis IVE, en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de monitorizaxe das referidas actividades ata o importe citado, sempre e cando a entidade que realice as citadas actividades se obrigue a realizalas e as realice nos mesmos termos contemplados no proxecto aprobado, emita a correspondente factura en forma, e se encontre habilitada e ó corrente das súas obrigas legais de todo tipo, que eximan ou releven a Vego Supermercados, S.A.U. de calquera responsabilidade derivada daquelas (obrigas tributarias, de persoal, de riscos laborais, seguro de responsabilidade civil, etc..). Noutro caso, ditas actividades substituiránse por outras das contempladas no proxecto que si reúnan ditas características.

- Difundir, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño, o cal lle será proporcionado de forma totalmente gratuíta polo Concello de Vigo ós devanditos efectos.

- Colaborar cos medios que lle fose posible na xestión de residuos e reciclado dos consumidores.

- Calquera outra actuación que ámbalas dúas partes acorden en referencia ao medio ambiente e desenvolvemento sustentable.

SEGUNDO.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Incluír o logotipo e nome (razón social ou denominacións comerciais, segundo proceda) da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa camiño a camiño que desenvolva, incluíndo expresamente a súa referencia en folletos e calquera outra información de difusión pública do programa.

Non se consideran accións divulgativas a información do programa na páxina web do Concello de Vigo.

O Concello de Vigo emitirá o xustificante fiscal que resulte oportuno polo importe obxeto da achega económica pactada na anterior estipulación.

O Concello de Vigo será responsable integramente dos contidos dos devanditos programas e accións divulgativas, toda vez que é o creador destes.

TERCEIRO.- Tódalas accións de difusión do programa “camiño a camiño” e demais campañas de sensibilización ambiental derivadas deste convenio, deberán partir do Concello de Vigo e de conformidade coas súas instrucións, quedando expresamente prohibido á entidade mercantil conveniente realizar as devanditas actividades divulgativas sen expresa autorización do Concello de Vigo.

CUARTO.- O presente convenio terá vixencia de un ano a partir da data da súa sinatura e non poderá prorrogarse.

En todo caso, se á citada data, se encontrase en proceso algunha das accións ou campañas de colaboración derivadas do presente convenio, manteranse os dereitos e obrigas de ambas

partes derivados do Convenio ata a finalización desta, conforme ó prazo ou datas de duración establecidas polo Concello de Vigo.

QUINTO. - Para o seguimento e control do cumprimento do convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constituirase unha Comisión de Coordinación da que formen parte dous representante da mercantil Vego Supermercados, S.A.U., a concelleira da Área Medio Ambiente que actuará como presidenta e un técnico municipal deste servizo.

Esta comisión reunirse no prazo de cinco días a contar da petición expresa realizada por calquera das partes, no Concello de Vigo.

SEXTO.- A mercantil Vego Supermercados, S.A.U está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente.

A referida entidade poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente.

O Concello de Vigo recoñece expresamente que a mesma información lle foi facilitada por Vego Supermercados, S.A.U. en relación ós datos de carácter persoal contidos no presente documento, que serán asimesmo incorporados ós ficheiros correspondentes daquela e tratados ós fins derivados do Convenio, podendo exercitar o Concello de Vigo os dereitos de acceso, rectificación oposición e cancelación ante a entidade Vego Supermercados, S.A.U. no seu domicilio social.

SÉPTIMO.- O presente convenio ten natureza administrativa, non se considera un contrato administrativo ó abeiro do establecido no artigo 4.1.d) do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, rexerese pola súa normativa específica, aplicándose os principios da lei de contratos para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, polos pactos que se conteñen neste convenio, as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativa a competente para a súa resolución.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan este convenio por duplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data indicada no seu encabezamento.”

13(1117).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE ABRIL E AGOSTO 2013. EXPTE. 24434/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.10.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 25.09.13, conformado ppola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS
Alcaldía (Condutores)	Agosto-2013	261'00
Extinción de Incendios	Agosto-2013	2.505'00
Policia Local (Xulgados)	Agosto-2013	88'00
Policia Local (Horas en exceso)	Agosto-2013	496'35
Inspección Vías e Obras	Abril-2013	66'00
Parque Móbil	Abril-2013	40'00
Ospio	Abril-2013	73'00
Parque Central	Abril-2013	68'00
Limpeza	Abril-2013	14'00
Cultura	Abril-2013	10'00

O montante do presente expediente ascende a un total de 39.176,77 €”.

14(1118).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POLO DESEMPEÑO ACUMULADO DOUTRO POSTO DE TRABALLO- ENCOMENDAS DE FUNCIONS 2º TRIMESTRE 2013. EXPTE. 24356/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.10.13, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 23.08.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións; e dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos municipais, en canto a xestión do mesmos, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento de programas dos servizos, etc, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal resolveu encomendar provisionalmente a distintos funcionarios municipais funcións propias doutros postos de traballo vacantes, con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal esten adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares.

1. Encomenda de Funcións ao funcionario D. Covelo Roma, Rosendo Gonzalo; con nº persoal 23.627 e co DNI 36077859-J.

En cumprimento da resolución de data 12 de maio de 2008 o Concelleiro de Xestión Municipal encomendou temporalmente a D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con nº

persoal 23.627 e DNI 36077859-J, as funcións de dirección administrativa do Verbum, ata cobertura definitiva do posto.

As funcións de dirección administrativa do Verbum, a maiores de ter vinculación administrativa ten tamén una vinculación directa coas tarefas de dirección do Verbum, sobre todo tendo en conta que dende a data da encomenda de funcións o posto de Director do Verbum atópase vacante, o que motivou o obxecto da encomenda. Dita situación foi aclarada en escrito do Coordinador da Tenencia de Alcaldía de data 17 de novembro de 2008, considerándose acumulado o posto de Director do Verbum-Casa das palabras.

O funcionario obxecto da encomenda desenvolveu unha serie de proxectos, ademais da xestión da unidade e dos asuntos relacionados coa exposición permanente, os cales se relacionan no anexo que achégase co expediente de produtividade.

En base á adicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo, o desempeñado na área de Deportes e o de Director Verbum-Casa das Palabras solicítase o aboamento do complemento de produtividade para o período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xullo de 2013.

2. Encomenda de funcións D Jesús López Moure, nº de persoal 77210 e co DNI 36106611-S.

Con data 19 de xullo de 2011, o concelleiro-delegado de xestión municipal resolveu encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, "as funcións de coordinación, planificación e supervisión administrativa e orzamentaria e de programación dos servizos da Área de Cultura e Festas, e asistencia á concelleira-delegada da citada área", ao funcionario D Jesus Lopez Moure, con nº de persoal 77210. Así mesmo, neste decreto estipulábase que "as funcións desenvolveranse baixo a dependencia directa da concelleira-delegada da Área, quen deberá acreditar e avaliar a efectividade e satisfactoriedade das funcións desenvolvidas, aos efectos de proceder eventualmente á tramitación do expediente administrativo de produtividade polo desempeño das funcións obxecto de encomenda"

O concelleiro-delegado, en escrito de data 3 de xullo de 2013 amosa a súa total satisfactoriedade coas funcións desenvolvidas polo funcionario Jesús López Moure, e a súa efectividade diaria no desenvolvemento das súas responsabilidades no segundo trimestre do ano 2013

3. Encomenda de funcións D Oscar Couce Senra, con nº de persoal 79389 e co DNI 32677831-Y.

En data 1 de setembro de 2011, resolveuse encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ao funcionario D. Óscar Couce Senra, con nº de persoal 79.389, co posto de Xefe da Oficina Administrativa de Actividades e Instalacións as seguintes funcións:

- Coordinación, control administrativo e seguimento das actividades dos servizos do OA "Xerencia Municipal de Urbanismo", sen prexuízo da superior xefatura que lle corresponde estatutariamente á persoa designada como Xerente en relación coa dirección, impulso e inspección de todos os servizos, dependencias e unidades da Xerencia e do persoal que presta nela os seus servizos.

- As propias da Xefatura da Oficina da Concellería da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, baixo a dependencia directa da mesma.

- As funcións de colaboración que sexan necesarias para garantir a mellor calidade no servizo ao cidadán, no ámbito competencial propio da Concellería de Urbanismo, Grandes proxectos e Cascos Históricos,

con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a supervisión directa da Concelleira Delegada de Urbanismo, Grandes proxectos e Cascos Historicos

A presente encomenda terá carácter estritamente provisional e durará ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestructuración de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais.

En data 11 de xullo de 2013, a Concelleira delegada da area de urbanismo, cascos historicos e patrimonio, informa do elevado grado de satisfaccion co desenvolvemento das tarefas encomendadas e desenvolvidas polo funcionario no segundo trimestre do ano 2013.

4. *Encomenda provisional de funcións a D. Rodríguez Ferreira, Albino; con nº persoal 77.274 e DNI 36025379-L.*

En resolución da Alcaldía de 26 de outubro de 2010 otorgábaselle a D. Albino Rodríguez Ferreira o cargo de Presidente do Tribunal Económico Administrativo, por vacante do posto, ata o nomeamento de Presidente Titular polo Pleno da Corporación segundo o disposto no artigo 137 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, establecen que con cargo ó complemento de produtividade aboarase: o especial rendemento, dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade do persoal que presta os seus servizos nesta administración.

O apartado terceiro da antedita Resolución especifica que en virtude do especial rendemento requerido e dado o carácter obxectivo no desempeño dos cargos, os funcionarios nomeados percibirán, durante o periodo que desempeñen as funcións mencionadas e en concepto de produtividade, excluída do previsto nas instrucións de plantilla, a diferenza retributiva que podía existir entre os complementos de destino e específico dos postos que son titulares e os cargos para os que se lles nomea provisionalmente e accidentalmente

Dende o 01/04/2013 ata o 30/06/2013 celebráronse as Sesións do Tribunal Económico-Administrativo, números do 08 ao 13 do ano 2013, resolvéndose nas mesmas un total de 62 expedientes

En data 11 de xullo de 2013 faise chegar ata a Oficina de Recursos Humanos o informe de petición de aboamento polas funcións correspondentes ao cargo de Presidente do Tribunal Económico Administrativo Municipal, labor que desmpeñou no segundo trimestre do presente ano.

5. *Encomenda de funcións a D. San Luis Costas, Avelino; con nº persoal 9.900 e DNI 35946375-C.*

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 30 de abril de 2007, acordou recoñecer ao funcionario D. Avelino San Luis Costas, xefe de RR.PP e protocolo, adscrito ao Gabinete de Alcaldía a asignación dun complemento de produtividade por importe anual de

10.400€, a devengar trimestralmente, previo informe do Gabinete de Alcaldía, acreditativo da especial dedicación do funcionario no período correspondente.

As vixentes instruccións de plantilla e relación de postos de traballo, establecen que con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade do persoal que presta os seus servizos nesta administración.

En data 15 de xullo de 2013, remítese informe ao Servizo de Recursos Humanos, no que se sinala o cumprimento a maiores co horario establecido para o persoal municipal, ampliando a súa xornada laboral durante o terceiro trimestre do ano, por parte do devandito funcionario. Fai-se constar que durante o segundo trimestre do presente ano 2013 non se mermaron senon que se incrementaron as tarefas desenvoltas, polo que procede o abono da produtividade proposta pola Xunta de Goberno Local en data 3 de abril de 2007, por importe de 2.600€.

6. Encomenda de funcións D Francisco J Gutiérrez Orue , con nº de persoal 13920 e DNI 13894232

Por Resolución de data 3/1/2013, encomendouse provisional e transitoriamente ao funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con nº de persoal 13920, funcións de responsable do Servizo de Participación e Atención Cidadá, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo Concelleiro delegado da Área, relacionadas cós servizos adscritos a mesma. Dita encomenda, de carácter provisional, terá validez dende a sinatura da Resolución e dispoñéndose a cesación automática da citada encomenda no momento no cal se produza a cobertura, mediante algun dos mecanismos legamente previstos, do posto de xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2013, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instruccións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

En data 2 de xullo de 2013 recibese no Servizo de Recursos Humanos a solicitude de aboamento de produtividade polo desenvolvemento das funcións encomendadas no segundo trimestre do ano 2013

7. Encomenda de funcións Rosa M^a Sancecilio Vietez,, n de persoal 22094 e DNI 36053090

Segundo Resolución de data 31 de decembro de 2012, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal , se lle acumula ao posto de Administrativo de Secretaría Xeral, provisto pola funcionaria Rosa Sancecilio Viéitez, o posto de Xefe de Negociado de Xunta de Goberno Local, provisto pola funcionaria Mercedes Eiras Fernández, dende a data do 1 de xaneiro e ata a reincorporación da titular, feito que se produce o 13 de marzo de 2013, polo que se solicita o aboamento da produtividade correspondente a dito período..

Coincidese co sinalado nos informes da Intervención Xeral en relación co aboamento de complementos de produtividade consecuencia de encomendas de funcións, en canto a súa fiscalización e oportuna reserva de crédito previo a adopción do acordo así como a prevalencia dos acordos adoptados ante outros posibles supostos de retribucións en concepto de produtividade.

En relación co incremento da xornada laboral susceptible de xustificar adicionalmente a efectiva realización dos traballos, debe sinalarse que os datos relativos a tal aspecto están á disposición da Intervención Xeral Municipal no Servizo de Recursos Humanos para calquera comprobación

ou solicitude de aclaración adicional que se precise, lembrando que constitúe responsabilidade dos respectivos xefes/as de servizo a correcta reordenación das cargas de traballo dos efectivos ao seu cargo, de xeito que non se xeneren situacións de desempeño de máis de un posto en franxa horaria simultánea

Así mesmo e dado o escenario orzamentario actual, considerase a urxencia de implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, a reestructuración de áreas e servizos, dentro da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais, que den lugar a eliminación ou como menos a minimización da realización de encomendas de funcións, e que , no caso de ser inevitables, se enfatice o seu carácter estritamente provisional.

As solicitudes de realización de encomendas de funcións deberán estar debidamente motivada e xustificada a súa urxencia e necesidade (IT longa duración, imposibilidade de redistribución de tarefas entre os efectivos do servizo, asignación de funcións non atribuíbles a outros postos, xustificación da imposibilidade de realización das funcións e tarefas encomendadas polos efectivos existentes, etc). e sempre que resulten axeitadas a clasificación, grao ou categoría profesional.

No caso de asignación de funcións de postos de categoría superior, poderíase contemplar a posibilidade de adscripción provisional por un período máximo definido, condicionado a realización satisfactoria das funcións do posto.

Así mesmo, considerase imprescindible a redefinición de parámetros de asignación de complementos de produtividade nos casos de acumulación de funcións, incluídos nas vixentes instrucións de plantilla.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Emprego Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado na Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais dos traballadores/as.

As vixentes Instrucións sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010 recollen expresamente unha detallada regulación do

complemento de produtividade e dos requisitos para a súa percepción (Instrucción Terceira, parágrafo sexto):

“En todo caso, retribuirase:

a) A actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados, autorizada pola Alcaldía, tralo informe favorable da Xunta de Persoal, por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado.

Para a súa tramitación será imprescindible proposta do Xefe do Servizo, conformada polo Concelleiro/a Delegado/a da Área. O Xefe do Servizo deberá dar conta á Unidade de Persoal da finalización da acumulación no mesmo día na que se produza, remitindo a Unidade de Persoal informe no que se faga constar as tarefas desempeñadas correspondentes ao posto acumulado, así como a avaliación do desempeño das tarefas acumuladas.

En ningún caso poderase acumularse postos de inferior categoría.”

A produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados.

Na actualidade non existe no Concello mecanismo algún que permita efectuar unha avaliación do rendemento dos empregados públicos municipais –mecanismo a todas luces recomendable e case imprescindible aos efectos de que os devengos retributivos en concepto de produtividade se asignen consonte a criterios obxectivos. Lémbrese que a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, atópase na actualidade pendente de desenvolvemento normativo, tanto por parte do lexislador estatal como polas Comunidades Autónomas no seu marco competencial constitucionalmente asignado, polo que tampouco están definidos criterios legais que servan de orientación a estes efectos e que permitan a aprobación de mecanismos ou sistemas acordos coa vontade do lexislados e que sexan homoxéneos para a totalidade das Admnsitracións Públicas.

No cadro seguinte recollense os datos referentes ao disfrute de vacacions ou baixas por Incapacidade Temporal (enfermidade comun) no periodos reflexados.:

N.P.	DNI	NOME	PERIODO	Vac.	A.P.	I.T.	TOTAL
79389	32677831	Couce Senra; Oscar	1/4-30/6/2013	5	0	0	5
23627	36077859	Covelo Roma Rosendo	1/4-30/6/2013	0	1	0	1
13920	13894232	Gutierrez Orue Francisco J:	1/4-30/6/2013	4	0	0	4
77210	36106611	Lopez Moure Jesus	1/4-30/6/2013	0	0	0	0
77.274	36025379-L	Rodríguez Ferreira, Albino	1/4-30/6/2013	0	0	0	0
22094	36053090	Sancecilio Vietes Rosa Maria	1/1-13/3/2013	0	0	0	0
9.900	35946375	SanLuis Costas, Avelino	1/4-30/6/2013	0	1	0	1

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 922.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Outorgar aos empregados municipais que a continuación se relacionan os complementos de produtividade propostos pola realización das funcións encomendadas:

N.P.	DNI	NOME	PERIODO	IMPORTE
79389	32677831	Couce Senra; Oscar	1/4-30/6/2013	1.695,64 €
23627	36077859	Covelo Roma Rosendo	1/4-30/6/2013	2.071,33 €

13920	13894232	Gutierrez Orue Francisco J	1/4-30/6/2013	1.858,41 €
77210	36106611	Lopez Moure Jesus	1/4-30/6/2013	1.858,41 €
77.274	36025379-L	Rodríguez Ferreira, Albino	1/4-30/6/2013	2.600,00 €
22094	36053090	Sancecilio Vietes Rosa Maria	1/1-13/3/2013	1.239,15 €
9.900	35946375	SanLuis Costas, Avelino	1/4-30/6/2013	2.071,33 €
				13.394,26 €

2. Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 13.394,26 € en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 "Productividade".

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1119).- DAR CONTA RESOLUCIÓN SOBRE SOLICITUDE DE PRÓRROGA DA SITUACIÓN DE SERVIZO ACTIVO FORMULADA POR D. SERGIO GONZÁLEZ PRADA. EXPTE. 24442/220.

Dáse conta da Resolución do 2.10.13 pola que o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolve o seguinte:

Primeiro.- Acceder á petición formulada en escrito de data 22.07.2013 (documento nº 130104992) polo funcionario municipal D. Sergio González Prada, con DNI 34.574.036-E e número de persoal 18537, ata 20/11/2014, e en consecuencia a prórroga da permanencia no servizo activo por un período de 1 ano (dende o 20/11/2013 ao 20/11/2014) adscrito á Xefatura de Servizos Técnicos da Xerencia de Urbanismo, con efectos do día 20 de novembro de 2013, en base ao informe favorable da Sra. Xerente de Urbanismo de data 19/09/2013.

Segundo.- Dispoñer que o funcionario solicitante poderá poñer fin á prolongación da permanencia no servizo activo comunicando ao órgano competente a data prevista por él para a súa xubilación efectiva, que deberá dirixir ao órgano competente cunha antelación mínima de tres meses dende a data de xubilación solicitada, dispoñendo que, igualmente, a Administración Municipal poderá deixar sen efecto a presente prórroga por acto administrativo posterior debidamente motivado, quedando a mesma sen efecto en calquera caso no límite máximo establecido para 20/11/2014, e sempre e en todo caso, na data de cumprimento dos 70 anos de idade) en que non caberá posibilidade legal algunha de prórroga, consonte á lexislación vixente."

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

16(1120).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS:

A) ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER GALICIA. EXPTE. 86971/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade do 26.09.13, conformado polo concelleiro de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 17 de setembro de 2013 por parte da ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER GALICIA con NIF G36776920, por un importe de 4.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da celebración do Día Mundial do Alzheimer, por non producirse danos.

B) UGT UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES. EXPTE. 86994/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade do 26.09.13, conformado polo concelleiro de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 03 de maio de 2013 por parte de UGT UNION GENERAL DE TRABAJADORES con NIF G28474898, por un importe de 4.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da celebración do II Encontro de Veteranos UGT-GALICIA, por non producirse danos.

c) FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO”. EXPTE. 86995/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade do 26.09.13, conformado polo concelleiro de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 29 de maio de 2013 por parte de Federación de Peñas Recreativas “EL OLIVO” con NIF G36704666, por un importe de 4.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da celebración da Celebración das Festas Das Peñas, por non producirse danos.

D) ASOCIACIÓN CULTURAL DA CEREIXA. EXPTE. 87009/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade do 27.09.13, conformado polo concelleiro de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 09 de xullo de 2013 por parte da ASOCIACION CULTURAL DA CE-REIXA con NIF G27753417, por un importe de 1.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da celebración do 3º Festival Oubeade, por non producirse danos.

E) ELADIO RODRÍGUEZ PÉREZ. EXPTE. 86992/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade do 30.09.13, conformado polo concelleiro de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 27 de agosto de 2013 por Eladio Rodríguez Pérez, con NIF 35984188-K, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Extremadura, 20, por non producirse danos.

17(1121).- PROXECTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TRAMITACIÓN DAS LICENZAS URBANÍSTICAS E OUTRAS FORMAS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA. EXPTE. 1021/400.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 1.10.13, conformado pola xefa da Área técnica e pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Con data 25.01.2013, o vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu ordenar a elaboración da ordenanza de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa no Concello de Vigo.

Na data 04.03.2013, emítase informe favorable á aprobación inicial da referida Ordenanza.

O Consello da XMU, en sesión do día 08.03.2013, acordou propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación inicial do proxecto definitivo da devandita Ordenanza.

O día 15.03.2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o proxecto de Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa no Concello de Vigo e someter o expediente a Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días hábiles aos efectos de que se poidan presentar reclamacións e/ou suxestións.

O citado acordo de aprobación inicial publicouse no BOP nº 108 do 06.06.2013, no taboleiro de anuncios e edictos da Xerencia Municipal de Urbanismo e na páxina web do Concello de Vigo.

Con data 12.08.2013, a arquiveira da Xerencia Municipal de Urbanismo informou que, durante o período de información pública rexistráronse as seguintes alegacións:

<i>Data de Rexistro</i>	<i>Documento</i>	<i>Alegante</i>
04/07/13	130079055	Antonio Davila Alonso en calidade de presidente da Delegación en Vigo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
11/07/13	130082199	Laura Gomez Orfo

En data 01/10/2013, a xefa da Área Técnica emite informe en relación ás alegacións efectuadas.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Normativa examinada.

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo (TRLS 2008).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei 17/2009, d 23 de novembro sobre o libre acceso ás actividades e servizos e ao seu exercicio.
- Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio.
- Lei 7/1985 ,de 2 de abril reguladora das bases de réxime local .
- Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.
- Lei 2/2011, de 4 de marzo, de economía sostenible.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).
- Lei 13/2010, de 17 de decembro, de comercio interior de Galicia.
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Concelleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Concelleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM).
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada definitivamente no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010).
- Resolución do delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 24/01/11 da que tomou coñecemento o Consello da Xerencia en sesión de dat 27/01/11 pola que se aproba a aplicación do sistema de comunicación previa e o seu modelo para o exercicio de actividades relacionadas no catálogo que se anexaba a mesma, resolución que foi modificada mediante resolución do delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 08/02/11 modificando o catálogo anexo de actividades consideradas inocuas, suxeitas ao réxime de comunicación previa.
- Resolución do delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 18/02/11 pola que se aproba o réxime de comunicación previa e o seu modelo para a execución de obras menores previstas no catálogo anexo.
- Resolución da concelleira delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos de data 31/05/12 pola que se modifica a comunicación previa e o seu modelo de impreso para o desenvolvemento de actividades comerciais ou de servizo relacionadas no catálogo anexo I e se aproba a comunicación previa e o seu modelo de impreso para o desenvolvemento de actividades

comerciais ou de servizo relacionadas no catálogo anexo II que conleven a execución de obras de acondicionamento no local.

- Resolución do vicepresidente da XMU de data 22/01/2013 sobre adaptación do réxime de comunicación previa á lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

II. Obxecto

Coa presente Ordenanza se articulan os novos procedementos de simplificación administrativa, establecendo os procedementos de comunicación previa e control posterior e simplificando os procedementos de obtención de licenza previa, coa vontade de prestar uns servizos que respondan ás necesidades e expectativas dos cidadáns de maneira eficaz e eficiente.

III. Estudo alegacións

Á vista das alegacións efectuadas no expediente 1021/400, durante o trámite de información pública do acordo de aprobación inicial do proxecto da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa no Concello de Vigo, emítase o presente informe.

1.- ALEGACIÓN Nº 1

ALEGANTE: Antonio Davila Alonso, en calidade de presidente da Delegación en Vigo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

DATA DE REXISTRO: 04/07/2013

Nº DOC: 130079055

CONTIDO:

- A) A densidade do documento e a posibilidade de non regular o contido noutras leis ou normas.
- B) A delimitación de conformidade ca lei de Ordenación da Edificación da responsabilidade dos distintos técnicos que interveñen na elaboración da documentación técnica, a dirección das obras etc, sobre todo no que se refire a redacción dos artigos 12 e 60 do articulado da ordenanza.
- C) Entre as obrigas dos técnicos, impugnan a confusión entre a declaración responsable definida no anexo 5 e os distintos documentos asinados polo técnico redactor dun proxecto ou documentación técnica, a innecesariedade de presentar a declaración establecida no artigo 46.1, a improcedencia da solicitude das visitas de inspección polo director da obra e falta do procedemento coercitivo no caso de que non fosen solicitadas e, finalmente plantexa que se elimine a obriga de presentar o proxecto técnico de instalación de enerxía solar térmica en diversos anexos.
- D) O prazo excesivo nos procedementos a realizar pola administración así como o prazo non fixado nalgúns casos e a falta de consecuencias polo seu incumprimento. Asemade solicita se fixen prazos para a comisión de seguimento do plan Especial de Edificios a Conservar.
- E) A transmisibilidade das licenzas coa acreditación da posesión do local no que se autorizou a licenza de actividade.
- F) Os efectos das comunicacións previas e declaración de responsable nas situacións xurídico-privadas, a consideración como modificación substancial das condicións dunha actuación comunicada a modificación das instalacións, a supresión dos impresos da petición de conformidade de que as novas instalacións armonizan co conxunto do inmovible e cuestionase a necesidade de solicitar datos para localizar a licenza de primeira ocupación do edificio.

VALORACIÓN DAS ALEGACIÓNS

- A) A densidade do documento e a posibilidade de non regular o contido noutras leis ou normas. A estrutura e extensión da presente Ordenanza se xustifica pola necesidade de modificar a normativa que se veu afectada pola Directiva e as normas de transposición, así como pola de incluír na mesma as normas contidas no anexo normativo de tramitación de licenzas das normas urbanísticas do Plan Xeral de Ordenación Municipal, anexo que xa o propio Plan, consideraba transitorio ata que o Concello de Vigo redactase e aprobase unha Ordenanza de Licenzas.

Asemade tal e como afirma la xefa da Área Técnica no seu informe :“ (...) Púidose elixir unha estrutura distinta, que separase a documentación común a cada procedemento e a documentación particular e podería ser que, co mesmo contido, os anexos tivesen menos páxinas. Con todo, elixiuse esta estrutura que parecía mais cómoda para a súa consulta polos cidadáns.”

Con respecto á súa regulación cómpre suliñar que a presente Ordenanza dítase, tal e como se sinala no seu artigo 1, en desenvolvemento da lexislación de réxime local, da Directiva de servizos 2006/123 CE e da normativa estatal e autonómica, polo que se tratou de refundir nun so texto a lexislación aplicable ao réxime de tramitación de licenzas e outras formas de intervención administrativa.

PROPOSTA:

De conformidade co anteriormente exposto, proponse a súa desestimación.

B) Resposabilidade dos técnicos e posibilidade de acollerse de forma expresa ao réxime de licenza cando o réxime aplicable é o de comunicación previa.

Tal e como sinala a Xefa da Área Técnica no seu informe de data 01/10/2013, a definición das obrigas de cada un dos axentes que interveñen na edificación están establecidas na Lei 38/1999, de 5 de novembro de Ordenación da Edificación (LOE). A ordenanza non pretende regular ningunha responsabilidade no proceso edificatorio e construtivo distinta as establecidas pola lei.

Quizá resulte confuso o artigo 12.2. ao establecer que o director de obra e director de execución son responsables da correcta execución da obra, sen distinguir que cada un o será no ámbito das súas competencias, o director de obra en canto a dirección do desenvolvemento da obra nos aspectos técnicos, estéticos, urbanísticos e medio ambientais co obxecto de asegurar a súa adecuación ao fin proposto e o director da execución en canto a dirección da execución material da obra e de controlar cualitativa e cuantitativamente a construción e a calidade do edificado.

Non obstante co fin de clarear que o artigo 12 non pretende establecer novas responsabilidade dos técnicos, proponse a súa modificación.

Ademais no artigo 60 a ordenanza establece a resposta solidaria dos responsables das infraccións. Nin a LOE e a Lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004 e a Lei 2/2010, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) establecen, con carácter xeral unha responsabilidade solidaria dos infractores senón individualiza.

En relación á posibilidade de acollerse ao réxime de licenza cando sexa esixible o réxime de comunicación previa, cómpre sinalar que de conformidade coa Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, se suprimen as licenzas de ámbito municipal vinculadas cos establecementos comerciais, as súas instalacións e determinadas obras previas, polo que deberemos desestimar a devandita alegación.

PROPOSTA

Estimar parcialmente a devandita alegación polo que, de conformidade co anteriormente exposto se propón a modificación dos artigos 12.2 e 60 da ordenanza que quedarían co seguinte texto:

Artigo 12.2:

“A dirección facultativa das obras e instalacións proxectadas (director/a de obra e director/a de execución, segundo as súas competencias) é responsable da conformidade da obra ca documentación técnica aprobada, coas normas aplicables e, en ausencia de regulamentación e instrucións específicas, coas normas técnicas de recoñecemento xeral e bo facer técnico e construtivo”.

Artigo 60:

“Cando no cumprimento das obrigas establecidas na presente ordenanza corresponda a varias persoas conxuntamente, respondera de forma individualizada das infraccións que se cometan e das sancións que se impoñan.”

C) Obrigas dos técnicos

No informe da Xefa da Área técnica de data 01/10/2013 se sinala que: “ (...)A definición de declaración responsable do anexo 5 da ordenanza é a establecida no artigo 71 bis da Lei 30/1992 de de 26 de novembro,

de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (“documento suscrito por unha ou un interesado no que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio; que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento ou exercicio”).

Ademais da declaración responsable, incluída nos impresos de comunicación previa das actuacións comunicadas, entre a documentación a presentar ca solicitude de varios procedementos, a ordenanza establece unha declaración responsable do técnico que subscribe un proxecto ou documentación técnica sen visado colexial, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

O artigo 46.1 da ordenanza esixe para o inicio da obras, entre outras, a presentación dunha “declaración responsable” asinada polo técnico redactor do proxecto onde sinale que o proxecto técnico de execución axústase e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións.

No caso concreto da declaración mencionada no artigo 46.1 sobre o axuste do proxecto básico e o proxecto de execución se alega a innecesariedade de presentar tal declaración xa que, de conformidade co artigo 6 do Código Técnico da Edificación o proxecto de execución desenvolverá o proxecto básico e definirá a obra na súa totalidade sen que nel poidan rebaixarse as prestacións declaradas no básico, nin alterarse os usos e condicións baixo as que, no seu caso, outorgáronse a licenza municipal de obras, as concesións ou outras autorizacións administrativas, salvo en aspectos legalizables.

O obxecto da declaración do técnico autor do proxecto de execución, que se establece como requisito na comunicación previa de inicio de obra maior, é a manifestación, por parte do autor do proxecto de execución, non soamente de que este proxecto soamente desenvolve o proxecto básico e cumpre os requisitos do artigo 6 do Código Técnico da Edificación, senón que non introduce modificacións substanciais que alteren significativamente o proxecto, tal e como se recolle no artigo 48.4 da ordenanza, que deban ser obxecto da oportuna licenza.

Sen embargo, co fin de evitar confusións propónse a modificación do artigo 46.1(...).

En canto a obriga recollida no artigo 48.2 do director da obra de solicitar dúas inspeccións á obra ao enrasar a estrutura de planta baixa e ao enrasar a altura total autorizada aceptase a alegación no senso de que sexa o titular da licenza quen as solicite, polo que propónse a modificación do devandito artigo. (...).

A obriga de achegar, co proxecto de execución, o proxecto técnico redactado por técnico competente da instalación de enerxía solar térmica para auga quente sanitaria establececese no artigo 5 da “Ordenanza municipal sobre captación e aproveitamento da enerxía solar para usos térmicos en edificacións e instalacións no termo municipal de Vigo” a cal establece a obrigatoria incorporación de sistemas de captación e utilización de enerxía solar activa de baixa e media temperatura para a produción de Auga Quente Sanitaria e o quecemento de piscinas, nas edificacións e instalacións da cidade, de titularidade pública ou privada, que cumpran as condicións establecidas nela. O citado artigo 5 establece que o proxecto da instalación virá suscrito por técnico competente e que poderá constituír un apartado específico do proxecto de obras ou ben un proxecto independente e, en todo caso, deberá presentarse obrigatoriedade co proxecto de execución.”

PROPOSTA

Estimar parcialmente a devandita alegación polo que, de conformidade co anteriormente exposto se propón a modificación dos artigos 46.1 e 48.2 da ordenanza que quedarían co seguinte texto:

Artigo 46.1:

“O inicio das obras de nova edificación, ampliación ou reestruturación xeral autorizadas mediante a correspondente licenza urbanística esixe en calquera caso o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Presentación no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo do correspondente Proxecto de execución, no caso de que non se tivese presentado previamente, e a documentación complementaria que proceda.
- Presentación no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo dun documento asinado pola ou polo técnico redactor do proxecto de execución, onde sinale que o proxecto técnico de execución se axusta e desen-

volve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións sustanciais.

- Presentación no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo da comunicación previa de inicio das obras.”

Artigo 48.2:

“Nas licenzas de obra nova, ademais das inspeccións que os técnicos municipais poidan realizar sempre que se estime necesario, é obrigatorio que o titular da licenza solicite dúas inspeccións regulamentarias.

Ao nivelar a estrutura de planta baixa.

Ao nivelar a altura total autorizada do respectivo forxado de cuberta.”

D) O prazo excesivo nos procedementos a realizar pola administración así como o prazo non fixado nalgúns casos e a falta de consecuencias polo seu incumprimento. Asemade solicita se fixen prazos para a comisión de seguimento do plan Especial de Edificios a Conservar.

En canto os prazos de resolución ou expedición de documentos indicar que, consonte se indica no informe da Xefa da Área Técnica, se trata de prazos máximos que non impiden que os expedientes resólvanse nun prazo menor. No caso concreto da acta de liña e rasante o anexo normativo das Normas Urbanísticas do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente sobre tramitación de licenzas, fixa un prazo máximo de 3 meses. Na redacción da ordenanza de rebaixo a dous meses. En realidade o prazo medio de expedición das actas de liña é menor dun mes polo que non sería un inconveniente reducir o prazo máximo. En canto a presentación dos certificados dos servizos urbanísticos da parcela expedidos por Aqualia e Fenosa son imprescindibles para sinalar o grao de urbanización dos viais e a condición de solar da parcela, contido do acta de liña e rasante tal e como se indica no artigo 17.3. Elimínase a obrigatoriedade de presentar o certificado do servizo de electromecánicos do Concello ao tratarse dun servizo do Concello de Vigo.

A ordenanza non regula nin os prazos ni o funcionamento da Comisión de seguimento do Plan Especial de Edificios a Conservar.

Con respecto as consecuencias do incumprimentos dos prazos na evacuación dos informes, o artigo 82 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común xa establece que: “ (...) 3. De no emitirse el informe en el plazo señalado, y sin perjuicio de la responsabilidad en que incurra el responsable de la demora, se podrán proseguir las actuaciones cualquiera que sea el carácter del informe solicitado, excepto en los supuestos de informes preceptivos que sean determinantes para la resolución del procedimiento, en cuyo caso se podrá interrumpir el plazo de los trámites sucesivos.

4. Si el informe debiera ser emitido por una Administración Pública distinta de la que tramita el procedimiento en orden a expresar el punto de vista correspondiente a sus competencias respectivas, y transcurriera el plazo sin que aquél se hubiera evacuado, se podrán proseguir las actuaciones.

El informe emitido fuera de plazo podrá no ser tenido en cuenta al adoptar la correspondiente resolución.”

PROPOSTA

Estimar parcialmente a devandita alegación polo que, de conformidade co anteriormente exposto se propón a modificación do artigo 17.4 da ordenanza que quedaría co seguinte texto:

Artigo 17.4:

“A “Acta de aliñacións e rasantes” deberá ser expedida nun prazo máximo dun mes, unha vez presentada no rexistro a solicitude ca documentación completa. A dita solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

1. Plano a escala mínima 1:1000, realizado sobre Cartografía Oficial de Vigo, no que se sinalen a forma e superficie da parcela, e predios lindeiros, anchos das vías que definen as súas fachadas e situación respecto do viario de conformidade co rúeiro municipal. Este plano deberá ser asinado por técnico/a competente que se responsabiliza da veracidade dos datos achegados.

2. Certificados dos servizos urbanísticos da parcela expedidos por Aqualia e Fenosa. (excepto se posteriormente se vai solicitar unicamente licenza de peche da parcela)

3. Excepcionalmente, e no prazo de dez días hábiles contados desde a presentación da solicitude, a Administración municipal poderá solicitar levantamento topográfico da parcela cando existan discordancias entre a realidade e o plan e/ou a súa descrición rexistral. Este levantamento deberá estar apoiado polo menos en dous vértices próximos da Rede Topográfica e sempre en coordenadas UTM.”

E) A transmisibilidade das licenzas coa acreditación da posesión do local no que se autorizou a licenza de actividade.

As licenzas de actividade son de natureza real e obxetiva, é dicir, a súa validez non deriva de quen sexa o suxeito titular, senón das condicións do local, tal e como se reflicte na Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid de 23 Marzo de 2004, rec. 253/2002 cando dispón que “(...) toda vez, que consta en el expediente administrativo (folio 13) que el local situado en C/ Tubo números 6- 8 de Pozuelo de Alarcón, estaba en posesión de la preceptiva licencia de instalación, apertura y funcionamiento desde el día 21-2-91, sin que la Administración pueda desconocer la misma por un cambio de titularidad en el local, ya que aquella no se otorga a las personas físicas o jurídicas que explotan la instalación, sino que tienen un carácter objetivo y quedan vinculados al local de que se trate.”

O artigo 13 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais dispón que: “Las licencias relativas a las condiciones de una obra, instalación o servicio serán transmisibles, pero el antiguo y nuevo constructor o empresario deberán comunicarlo por escrito a la Corporación, sin lo cual quedarán ambos sujetos a todas las responsabilidades que se derivaren para el titular.”

No devandito artigo se regula a transmisibilidade das licenzas outorgándolle ao cambio de titularidade o carácter de comunicación, comunicación en virtude do cal, a administración ten constancia e toma coñecemento de quen é o responsable da activade exercida no local autorizado. A consecuencia do incumprimento deste deber de comunicación, se prevé no Regulamento de servizos das Corporacións Locais, o cal determina que, o antigo e o novo construtor ou empresario, quedan ambos suxeitos a tódalas responsabilidades que se derivaren para o titular. Compre significar que o regulamento regula a obriga de comunicación do cambio, pero non alude ao consentimento do anterior titular.

Asemade cómpre sinalar que as licenzas se outorgan salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, polo que non poderán ser invocadas para excluír ou disminuír a responsabilidade civil ou penal na que houberen incorrido os beneficiarios no exercicio das súas actividades, sendo irrelevantes para a administración as situacións xurídico privadas tal e como se establece no artigo 10 de Regulamento de servizos. Á vista do exposto, pódese afirmar que é indiscutible que licenza de actividade está inexorablemente vinculada a un local determinado, aquel no que se autorizou a realización da actividade, sen que sexa posible o seu exercicio se non se detenta a posesión do mesmo.

Polo tanto, a acreditación de estar en posesión do local no que se autorizou a licenza de actividade leva a considerar que a licenza se transmite a quen ostenta este dereito, que, en todo caso, deberá comunicar o cambio de titularidade.

Comunicado o cambio de titularidade, a administración toma coñecemento do cambio, sendo irrelevante o acto polo que se produciu a transmisión entre particulares.

Neste senso, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco de 7 de novembro de 2011, analiza diversos aspectos desta cuestión, e defende que a licenza se transmite ao propietario do local en canto este recupera a disposición do mesmo cando dispón que:

“ (...) Esta Sala se ha pronunciado en numerosas ocasiones acerca de la transmisibilidad de las licencias de actividad, en dos aspectos que resultan de interés para este procedimiento: el primero de ellos, sobre el hecho mismo de la transmisibilidad, por su propia naturaleza; el segundo, la vinculación entre licencia y local, de forma que no puede existir la primera sin un derecho de aprovechamiento del segundo, y su corolario de acompañamiento de la licencia al titular del aprovechamiento cuando éste revierte a quien era arrendador al dejar de existir arrendamiento. Ello va a suponer, en un supuesto como el de autos, que aunque no exista acto formal de transmisión de la licencia a favor del ayuntamiento ésta se va a producir igualmente por el hecho de la recuperación de la facultad de disposición y aprovechamiento del local de su propiedad.”

“ (...)A partir del momento en que se produce el abandono del local por resolución del contrato y la puesta a disposición del mismo a la propiedad, con pérdida del derecho de uso y aprovechamiento, deja de existir en

la esfera patrimonial del antiguo arrendatario derecho de licencia de actividad alguno, pues no tiene dónde proyectarse. Es más, el título por el que los recurrentes acceden al proceso, sólo puede haber sido la defensa del interés público, y nunca la titularidad de la licencia, que forzosamente han perdido con la pérdida de disposición del local, pues carece de objeto sobre el que proyectarse el permiso de actividad.”

É clarificadora a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid de 15 de xaneiro de 2004, recurso 2506/2008.:

F.J SÉPTIMO.- “Para finalizar ha de señalarse que no se precisa para el cambio de titularidad el consentimiento expreso entre el anterior titular y el nuevo. Esta cuestión ha sido tratado en la Sentencia de este Tribunal de fecha 7 de Octubre de 2.003 recaída en el recurso 1.099/1998 en el que señalábamos que no cambiando las condiciones en que se ejerce la actividad, no resulta proporcional, ni exigible para el interés público que se iniciara un nuevo expediente para comprobar la adecuación de unos elementos industriales anteriormente licenciados, pues el derecho a la licencia como si de un derecho de propiedad, de naturaleza civil se tratara. Esta posición no puede ser objeto de protección por parte del Tribunal. Ni siquiera desde el punto de vista civil podría sustentarse esta posición, podría entenderse, que la actividad licenciada es una mejora del inmueble, pudiendo en su caso ser de aplicación lo dispuesto en el artículo 453 del Código Civil, mas en todo caso dicha mejora ha de ceder en favor de la propiedad, porque su utilización resulta inescindible, del lugar para el que se otorgó. Por lo tanto y como ya señalamos en nuestra Sentencia de 14 de Diciembre de 2000 (recurso de apelación 121/2.000) para proceder al cambio de titularidad el Ayuntamiento ha de tener constancia de que efectivamente dicho cambio se ha producido, y ello por dos mecanismos alternativos, uno bilateral, que no es otro que la conformidad del anterior titular, y otro, que no precisa dicha conformidad, mas complejo, que consiste en la acreditación de que se ha adquirido por cualquier medio, inter vivos o mortis causa, la propiedad o posesión del inmueble en cuestión.”

PROPOSTA

Estimar a devandita alegación polo que, de conformidade co anteriormente exposto se propón a modificación do artigo 27.3 da ordenanza que quedaría co seguinte texto:

“O consentimento da ou do titular anterior poderá ser substituído polo documento público ou privado translativo da propiedade ou posesión do inmovible, local ou soar.”

F) Os efectos das comunicacións previas e declaración de responsable nas situacións xurídico-privadas, a consideración como modificación substancial das condicións dunha actuación comunicada a modificación das instalacións, a supresión dos impresos da petición de conformidade de que as novas instalacións armonizan co conxunto do inmovible e cuestionase a necesidade de solicitar datos para localizar a licenza de primeira ocupación do edificio.

O artigo 30.2 da Ordenanza cando establece que, as comunicacións previas e declaración de responsables producirán efectos entre o concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran, pero non alterarán as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas, non introduce nada novo en dereito administrativo, toda vez que, xa no artigo 10 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais se dispón que: “Los actos de las Corporaciones Locales por los que se intervenga la acción de los administrados producirán efectos entre la Corporación y el sujeto a cuya actividad se refieran, pero no alterarán las situaciones jurídicas privadas entre éste y las demás personas.”

Con respecto aos demais motivos impugnados, a Xefa da Área Técnica informa que: “(...)Sobre a consideración como modificación substancial das condicións dunha actuación comunicada a modificación das instalacións. Desestimase a alegación.

Supresión nos impresos de solicitude de licenza polo procedemento simplificado y no impreso de comunicación previa de obra menor da afirmación que debe asinar o solicitante conforme as novas instalacións armonizan co conxunto do inmovible e o entorno urbano. Estimase xa que a “armonización” é un concepto indeterminado. As novas instalacións deberá axustarse as normas estéticas e de protección tanto patrimonio edificado como da imaxe e escana urbana contidas no Plan Xeral. Proponse a modificación dos impresos OB-009S e CP-004 eliminando esa frase.

Cuestionase a necesidade de solicitar datos do promotor e ano da construción do edificio, tal e como figura nos impresos de solicitude de licenza de actividade. Son datos complementarios que facilitan a localización da licenza de primeira ocupación do edificio. Desestimase a alegación.”

PROPOSTA

Estimar parcialmente a devandita alegación polo que, de conformidade co anteriormente exposto se propón a modificación dos impresos OB-009S e CP-004 eliminando a afirmación de que se debe asinar o solicitante conforme as novas instalacións armonizan co conxunto do inmovible e o entorno urbano.

2.- ALEGACIÓN Nº 2

ALEGANTE: Laura Gomez Orfo

DATA DE REXISTRO: 11/07/2013 (presentada na Oficina de Correos e Telégrafos o 09/07/2013)

Nº DOC: 130082199

CONTIDO:

A alegante impugna os artigos 11.2 e 57.3 da ordenanza toda vez que atribúen a condición de trámite cualificado aos requerimentos e comunicación recollidos nos mesmos, adaptando a redacción da ordenanza e á resolución expresa (previa tramitación do expediente) a que obriga o artigo 71 bis 4 da Lei 30/1992.

VALORACIÓN:

A lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio introduciu no ordenamento xurídicos os novos procedementos administrativos de actos comunicados, declaración de responsable e de control posterior. Polo que no artigo 84 da Lei 7/1985, de 2 de abril de bases de réxime local se incorporan dos novas técnicas de intervención da actividade privada, é dicir coa mesma natureza xurídica das licenzas: o sometemento a comunicación previa ou declaración de responsable e o sometemento a control posterior ao inicio da actividade, aos efectos de verificar o cumprimento da normativa reguladora.

O establecemento destes dous novos mecanismos de intervención, obedece a que ao eliminar as licenzas se produciría un vacío legal en canto a potestade de intervir esas actividades privadas non suxeitas a licenza, polo que para velar polo cumprimento da normativa reguladora soamente poderíamos acudir ao procedemento de inspección.

Co devandito procedemento de control posterior dos actos comunicados se produce un cambio do momento temporal das actuacións de comprobación, toda vez que se nas licenzas a Administración efectúa as comprobacións do cumprimento da normativa coa solicitude da licenza, no procedemento de actos comunicados, a Administración efectúa as comprobacións do cumprimento da normativa a raíz da comunicación que conleva o inicio da actividade.

No artigo 71 bis da Lei 30/1992 se establece que: “(...) La inexactitud, falsedad u omisión, de carácter esencial, en cualquier dato, manifestación o documento que se acompañe o incorpore a una declaración responsable o a una comunicación previa, o la no presentación ante la Administración competente de la declaración responsable o comunicación previa, determinará la imposibilidad de continuar con el ejercicio del derecho o actividad afectada desde el momento en que se tenga constancia de tales hechos, sin perjuicio de las responsabilidades penales, civiles o administrativas a que hubiera lugar.

Asimismo, la resolución de la Administración Pública que declare tales circunstancias podrá determinar la obligación del interesado de restituir la situación jurídica al momento previo al reconocimiento o al ejercicio del derecho o al inicio de la actividad correspondiente, así como la imposibilidad de instar un nuevo procedimiento con el mismo objeto durante un periodo de tiempo determinado, todo ello conforme a los términos establecidos en las normas sectoriales de aplicación.(...)”.

O artigo 26.4 da Ordenanza dispón que: “Cando a actuación comunicada non se axuste ao planeamento vixente e demais normativa de obrigado cumprimento e competencia municipal, no prazo de dez días notificaráselle esta circunstancia a ou ao solicitante indicando que debe de absterse de executar a súa actuación; concederáselle trámite de audiencia por prazo de 10 días, con carácter previo ao arquivo do expediente, todo isto sen prexuízo, no seu caso, da tramitación dos correspondentes procedementos de reposición da legalidade urbanística”.

Tanto no artigo 11.2 como 57.3 da Ordenanza se establece que, se tras o procedemento de control posterior se conclúe que a actividade ou obra comunicada non está incluída no réxime de comunicación previa,

ou se evidencien incumprimentos normativos, a Administración comunicará esta circunstancia ao solicitante indicándolle que debe abstenerse de executar a actuación solicitada, atribuíndolle o carácter de trámite cualificado á devandita comunicación.

Da lectura dos devanditos artigos se advirte unha certa contradicción no procedemento regulado no artigo 26.4 co regulado nos artigos 11.2 e 57.3 da Ordenanza toda vez que, no primeiro suposto se regula un procedemento de control posterior con audiencia ao interesado e posterior resolución susceptible de recurso, todo isto sen prexuízo, no seu caso, da tramitación dos correspondentes procedementos de reposición da legalidade urbanística e, no segundo suposto soamente se comunica ao interesado o resultado do control posterior, atribuíndolle a devandita comunicación o carácter de trámite cualificado, procedemento polo tanto que remataría coa resolución que se ditase no procedemento de reposición de legalidade urbanística, posto que os actos de trámite son os que se producen durante o curso dun procedemento que culmina normalmente cunha resolución.

Á vista do exposto, e co fin de diferenciar o procedemento de control posterior do procedemento de inspección así como de dotar aos procedementos de todas as garantías para os cidadáns, propónse a modificación do artigos 11.2, 26.4 e 57.3 da ordenanza que quedarían co seguinte texto:

Artigo 11.2:

“Cando a persoa interesada presentase ante o concello unha declaración responsable ou comunicación previa sendo o réxime aplicable o da licenza, advertiráselle que non poderá executar a obra ou iniciar a actividade ata que obteña a preceptiva autorización. Se iniciase a actividade requiriráselle para que proceda de inmediato a súa paralización coas advertencias propias dos procedementos de reposición da legalidade urbanística.

No caso de que se executasen obras non incluídas no réxime de comunicación previa requiriráselle para que proceda de inmediato a súa paralización coas advertencias propias dos procedementos de reposición da legalidade urbanística.”

Artigo 26.4:

“Cando a actuación comunicada non se axuste ao planeamento vixente e demais normativa de obrigado cumprimento e competencia municipal, no prazo de dez días notificaráselle esta circunstancia á/ao solicitante e indicáráselle que debe de abstenerse de executar a súa actuación, concedendolle trámite de audiencia por prazo de 10 días, con carácter previo á resolución de arquivo do expediente. Todo isto sen prexuízo, no seu caso, da tramitación dos correspondentes procedementos da reposición da legalidade urbanística.”

Artigo 57.3:

“Desfavorable: cando fosen emitidos informes técnicos que evidencien incumprimentos normativos que excedan dos sinalados no apartado anterior, tanto na documentación técnica presentada como na actividade implantada.

Neste caso, notificaráselle esta circunstancia á/ao solicitante e indicáráselle que debe de abstenerse de executar a súa actuación, concedendolle trámite de audiencia por prazo de 10 días, con carácter previo á resolución de arquivo do expediente. Todo isto sen prexuízo, no seu caso, da tramitación dos correspondentes procedementos da reposición da legalidade urbanística.”

3.- ENTRADA EN VIGOR DA LEI 14/2013, DE 27 DE SETEMBRO, DE APOIO AOS EMPRENDEDORES E A SÚA INTERNACIONALIZACIÓN.

No Boletín Oficial do Estado nº 233, de 28 de setembro de 2013 publicouse a Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización. A devandita Lei na súa disposición final sétima modifica a Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, no seu artigo 2.1, ampliando o umbral da superficie máxima dos establecementos que estarán exentos de licenza municipal e o seu anexo ampliando a lista de actividades exentas de solicitar licenza municipal.

De conformidade co principio de xerarquía normativa, a disposición final sétima da Lei 14/2013 e consonte coa disposición adicional da Ordenanza, procede a modificación de varios apartados do anexo 5 da ordenanza así como dos impresos CP-001 e CP-002, os cales se reflicten no informe da Xefa da Área Técnica e que a continuación se reproduce:

“ MODIFICACIÓNS TRAS A ENTRADA EN VIGOR DA LEI 14/2013 DE APOIO AO EMPRENDEDOR

Co fin de axustar a relación de actividades suxeitas a comunicación previa e a documentación a presentar cas comunicacións, as modificacións da Lei 12/2012 de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos introducidas pola Lei 14/2013 de apoio ao emprendedor proponse a modificación de varios apartados do anexo 5 ca seguinte redacción:

5.2. ACTUACIÓNS COMUNICADAS

ACTIVIDADES SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA

As actividades numeradas a continuación están suxeitas ao procedemento de comunicación previa. A ou o interesado comunicaralle ao concello a data de inicio da actividade que vai desenvolver nun local e achegará, ademais do impreso normalizado, a documentación técnica que se relación neste anexo. A ou o interesado, baixo a súa responsabilidade, poderá iniciar a actividade desde a data indicada na solicitude. Nos impresos normalizados de comunicación previa de actividade ou obra inclúese unha declaración responsable que deberá asinar a persoa interesada.

Non é unha autorización administrativa para exercer unha actividade senón un medio para que a administración coñeza a existencia da dita actividade e posibilitar o control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas. O control municipal prodúcese con posterioridade ao inicio da actividade. A existencia de inexactitudes, falsidades ou deficiencias no local determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade.

RELACIÓN DE ACTIVIDADES SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA

Establecementos de produtos alimenticios e bebidas, cunha superficie de ata 500 m² de sala de vendas.
Establecementos comerciais (Tendras de roupa ou boutiques, mercería, obxectos de regalo, bixería, drogaría, aparellos eléctricos, bricolaxe, mobles ou similares) cunha superficie de 500 m² de sala de vendas.
Almacéns cunha carga de lume de ata 40.000 Mjoulas, cunha superficie de ata 500 m² (agás produtos químicos, farmacéuticos, combustibles, lubricantes, fertilizantes, praguicidas, herbicidas, pinturas, vernices, ceras ou pneumáticos).

Talleres de reparación de reloxos, xoias, chaves, pequena maquinaria, electrodomésticos e enmarcación e similares, cunha superficie de ata 500 m².

Talleres artesanais de fabricación de zapatos ou fabricación e reparación de roupa e industrias manufactureras de distintos artigos como xoias bixería, cunha superficie de ata 500 m².

Oficinas de todo tipo incluídas axencias de viaxes, inmobiliarias, aseguradoras, de aluguer de coches, bicicletas ou outros bens de consumo cunha superficie de ata 500 m².

Tinturerías, lavanderías e limpeza en seco cunha superficie de ata 500 m².

Salóns de peiteado, institutos de beleza e gabinetes de estética cunha superficie de ata 500 m².

Servizos fotográficos ata 500 m².

Servizo de copistería, cunha superficie de ata 500 m².

Bibliotecas, museos e galerías de arte de ata 500 m².

Academias de ensinanza.

Calquera outra incluída no anexo da Lei 12/2012 de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

Cambios de uso entre calquera das actividades anteriormente indicada

No caso de necesitar obras de adaptación no local (excepto no ámbito da ordenanza 1 “Cascos históricos” e da ordenanza 2 “Conservación e protección ambiental” do vixente plan xeral e en edificios catalogados) na mesma comunicación achegarase copia do proxecto de obras e indicarse a data de inicio das obras. Neste caso, poderá exercer a actividade desde a finalización das obras, que acreditará co correspondente

certificado final de obra, o cal deberá ter, xunto coa copia do impreso de comunicación no local á disposición dos servizos de inspección municipais.

No caso de academias de música e baile, ademais da copia da solicitude e o certificado final de obra, deberá contar no local a disposición dos servizos de inspección municipais, o certificado do illamento acústico conseguido no local, de acordo co disposto ao respecto no manual de procedementos da vixente Ordenanza municipal de rúidos, realizada por empresa homologada pola Xunta de Galicia, asinadas por técnico/a competente da empresa homologada

No ámbito da ordenanza 1 "Cascos históricos" e da ordenanza 2 "Conservación e protección ambiental" do vixente plan xeral e en edificios catalogados no caso de necesitar obras de adaptación no local deberá solicitar licenza previa de obras de adaptación. Unha vez rematada a obra comunicarse o inicio da actividade achegando o correspondente Certificado final de obra.

5.3. DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS

A/ COMUNICACIÓN PREVIA DE INCIO DE ACTIVIDADES EN LOCAIS QUE NON PRECISAN OBRAS DE ADAPTACIÓN

1. Impreso normalizado de comunicación previa de inicio de actividade CP-001

2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente.

3. Datos de identificación da solicitante

1. Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces). Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).

2. Persoas xurídicas: DNI da representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

4. Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento ou escritura de compra, etc.)

5. Planos de situación e localización do local no que se pretende a actividade, a escala mínima 1:2000 e 1:500 respectivamente, asinado por técnico/a competente.

6. Memoria da actividade (descrición da actividade, superficie e alturas, relación de maquinaria instalada no local) asinada por técnico/a competente.

7. Planos acoutados de planta, alzado e sección do local, a escalas 1:100 ou 1:50 segundo o caso, con indicación do uso das diferentes dependencias, a maquinaria, a situación das saídas, comunicacións, etc. e instalacións de protección contra incendios, asinado por técnico/a competente.

8. Certificación expedida por facultativo/a competente acreditativa de que o local é apto para o novo uso, conforme á normativa aplicable en función deste e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico, e seguridade contra incendios precisas para o uso pretendido e que conta coas autorizacións e rexistros sectoriais.

9. No caso de academias de música e baile, medicións santométricas acreditativas do illamento acústico do local, de acordo co disposto ao respecto no manual de procedementos da vixente Ordenanza municipal de rúidos. As medicións deberán realizarse por empresa homologada pola Xunta de Galicia, asinadas por técnico/a competente da empresa homologada.

10. Reportaxe fotográfica do local, subscrita pola persoa solicitante e polo/a técnico/a redactor/a do proxecto.

11. Declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico/a competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado/a ou incurso/a en causa de incompatibilidade.

1. Declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico/a competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado/a ou incurso/a en causa de incompatibilidade.

Ademais corríxense os impresos CP-001 e CP-002 no mesmo senso."

ÓRGANO COMPETENTE

E virtude da potestade regulamentaria que teñen atribuída os entes locais consonte ao artigo 4.1.a da LRBRL 7/1985 e aos artigos 25 e 26 e no Título XI da devandita lei e na lexislación sectorial aplicable, urbanística, comercial e medioambiental, o Concello de Vigo é competente na materia obxecto da presente disposición xeral.

É competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello de Vigo (123.1.d) LRBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.a) da LRBRL e ditame do Consello da XMU (artigo 8.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU, AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa consideración de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL).

Unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, a presente Ordenanza entrará en vigor cando se publique íntegramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/1985 e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da devandita Lei.

PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse ao Pleno da Corporación, previa aprobación do proxecto polo Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- ESTIMAR PARCIALMENTE, de conformidade co informe-proposta na parte expositiva deste acordo, as alegacións presentadas no trámite de información pública por don Antonio Davila Alonso en calidade de presidente da Delegación en Vigo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e por dona Laura Gomez Orfo.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TRAMITACIÓN DAS LICENZAS URBANÍSTICAS E OUTRAS FORMAS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA (exp. nº 1021/400), na que se incorporan as correccións da estimación parcial das alegacións presentadas.

TERCEIRO.- Ao abeiro do disposto nos artigos 70.2 Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e 196.2 do ROF (RD 2568/1986), notificar o presente acordo aos alegantes e publicar o texto íntegro da Ordenanza no BOP, entrando en vigor cando se efectúe a preceptiva publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985.

CUARTO.- Ordear a publicación do presente acordo xunto co texto íntegro da Ordenanza na páxina web do Concello.

QUINTO.- Segundo o previsto nos artigos 1, 10.1.b), 25.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, 107.3, 109 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, 52 da LRBRL e 209 e ss. do ROF, o acordo de aprobación definitiva da Ordenanza pon fin á vía administrativa e contra esta disposición xeral non caberá recurso nesta vía, puidéndose interpoñer directamente, por quen se considere lexitimado/a, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do mesmo nome do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación íntegra da disposición recorrida; sen prexuízo da súa impugnanación indirecta, conforme cos artigos 26 e 27 da LRX-PAC, e da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

Non obstante, o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime oportuno.

Con data 4.10.13, o Consello da Xerencia de Urbanismo dictamina favorablemente o precedente informe-proposta dando nova redacción ao artigo 7 e 8 da dita ordenanza, quedando do seguinte xeito:

"ARTIGO 7.- ACTOS SUXEITOS A LICENZA POR PROCEDEMENTO ORDINARIO.

Quedarán suxeitas a licenza por procedemento ordinario aquelas actuacións urbanísticas que consonte á normativa urbanística vixente estean sometidas ao deber de obter licenza e non estean incluídas no réxime simplificado nin do comunicación previa.

Quedarán suxeitas ao deber de obtención de licenza por procedemento ordinario as primeira ocupacións das edificacións.

ARTIGO 8.- ACTOS NON SUXEITOS A LICENZA URBANÍSTICA

Engádese o punto:

10.- Todas as actuacións eximidas pola lexislación estatal e autonómica."

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade cos antecedentes expostos, acorda:

Aprobar o proxecto para aprobación definitiva de Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa no Concello de Vigo.

18(1122).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE IMPERALFER S.L. POR OBRAS NA RÚA JENARO DE LA FUENTE, 41-43. EXPTE. 69700/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 24.09.13, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Con data 11/07/2013 autorizouse a Imperialfer, S.L. á realización dunhas obras na beirarrúa da rúa Jenaro de la Fuente, nº 41-43 para arranxo dunhas filtracións aos sotos do inmovible.

A mentada autorización incluía o depósito dunha fianza por importe de 304,92 € para responder dos posibles danos que se puideran ocasionar na vía pública por mor das obras.

Con data, 04/09/2013, Imperialfer, S.L. solicita a devolución da fianza solicitada.

Con data, 20/09/2013, o inspector de Vías e Obras emite informe no que fai constar que as obras de arranxo de filtracións na rúa Jenaro de la Fuente, 41-43 xa están rematadas e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Por todo o anteriormente exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 304,92 € (trescentos catro con noventa e dous euros) a favor de Imperialfer, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1123).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE DE 7.920 € A FAVOR DE XOMA INICIATIVAS SOCIAIS EN CONCEPTO ASISTENCIA TÉCNICA PARA O ASESORAMENTO EN INFORMACIÓN E DINAMIZACIÓN XUVENIL NO MES DE AGOSTO DE 2013. EXPTE. 4034/336.

Examinadas as actuacións do expediente, vsitio o informe de fiscalización do 3.10.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 23.09.13, conformado pola concelleira de Xuventude e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran na factura número X15/13, de "Xoma Iniciativas Sociais" C.I.F. B36873925, por un importe de 7.920,00 euros en concepto de Asistencia Técnica para o asesoramento en información e dinamización xuvenil no mes de agosto de 2013 , con cargo á partida 3370 2279903 "*Asistencia Técnica para Servizos de Información Xuvenil*" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de "Xoma Iniciativas Sociais" C.I.F. B36873925 , por un importe total de 7.920,00 €, en concepto de Asistencia Técnica para o asesoramento en información e dinamización xuvenil do mes de agosto de 2013, con cargo á partida con cargo á partida 3370 2279903 "*Asistencia Técnica para Servizos de Información Xuvenil*" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013".

20(1124).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE DE 13.718 € A FAVOR DE FUNDACIÓN DE ESTUDOS E ANÁLISE FESAN EN CONCEPTO PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN A NENOS E NENAS NAS LUDOTECAS DA CASA DA XUVENTUDE E PAVILLÓN DE COIA NO MES DE AGOSTO DE 2013. EXPTE. 4036/336.

Examinadas as actuacións do expediente, vsitio o informe de fiscalización do 2.10.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 24.09.13, conformado pola concelleira de Xuventude e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran na factura número B/25 de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€ en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de agosto de 2013 do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€, en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de agosto de 2013, partida 3370 2279900 "*Ludoteca Casa da*

Xuventude e Coia” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013”.

21(1125).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE DE 6.128,66 € A FAVOR DE CONCEPCIÓN CUÑA PÉREZ EN CONCEPTO XESTIÓN DO PUNTO XOVE NO MES DE AGOSTO DE 2013. EXPTE. 4035/336.

Examinadas as actuacións do expediente, vsitio o informe de fiscalización do 2.10.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 24.09.13, conformado pola concelleira de Xuventude e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figura na factura número 08/2013 de “Concepción Cuña Pérez”, NIF 36091261Y, por un importe de 6128,66 euros en concepto de xestión do Punto Xove durante o mes de agosto de 2013, con cargo á partida 33702279904 “*Punto Xove*” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de “Concepción Cuña Pérez”, NIF 36091261Y por un importe total de 6128,66 euros, en concepto de xestión do Punto Xove durante o mes de agosto de 2013, con cargo á partida con cargo á partida 3370 2279904 “*Punto Xove* ” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013”.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

22(1126).- PLAN PARCIAL “S-80-R-MACAL”. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 11486/411.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 7.10.13, conformado pola xefa de Planeamento e Xestión e pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Con data 16.10.2008, o Consello da XMU acordou o inicio da tramitación do expediente para a redacción, entre outros, do Plan Parcial do ámbito de solo urbanizable «S-80-R Macal».

Con data 28.05.2009, o Consello da XMU elevou a definitiva a adxudicación provisional do contrato de servizo realizada en favor dos arquitectos, D. Fco. Javier Alonso Davila e D. Antonio Hernández Crespo e Urbes, S.L., para a redacción do dito planeamento de desenvolvemento.

O día 02.09.2009, a arquitecta municipal informou favorablemente o documento de inicio presentado pola UTE adxudicatária.

Con data 17.11.2009, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 90164977) oficio do Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental do 30.10.2009 dando traslado da Decisión do 30.10.2009 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental sobre a non necesidade de avaliación ambiental estratéxica do Plan Parcial do sector «S-80-R Macal».

Obran no expediente informes do 26.03.2010 do Xefe de Cartografía e da arquitecta municipal relativos á documentación gráfica referente aos traballos de topografía e información parcelaria do ámbito e á Memoria Informativa, documento de inicio, cartografía e parcelario presentados pola adxudicatária.

En datas 07.07.2010 e 19.11.2010, respectivamente, foron emitidos informes polo enxeñeiro técnico de obras públicas e polo enxeñeiro municipal de camiños.

Con data 15.02.2011, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 110018203) oficio do Subdirector xeral de Programación e Proxectos do 14.02.2011, remitindo o informe do día 09.02.2011 da Subdirección de Programación e Proxectos relativo ás garantías de abastecemento e saneamento nos ámbitos de desenvolvemento do PXOM: S-28-R Peteta, S-34-R Falcoa, S-80-R Macal, A-5-31 Poulo e ZV/B08 Avda Castelao - Avda de Europa.

Consta no expediente o informe favorable do 20.06.2013 da Axencia Galega de Infraestruturas.

O día 24.09.2013, a técnica de medio ambiente emitiu informe a respecto da tramitación e documentación ambiental achegada pola adxudicaria, concluíndo que, dende o punto de vista da documentación de carácter ambiental que debe comprender o expediente de referencia considérase suficiente e completa a documentación aportada para iniciar o procedemento de aprobación inicial.

En data 30.09.2013, a Xefa de Planeamento e Xestión, coordinadora dos traballos de redacción, emitiu informe no que, examinada polo miúdo a documentación presentada polo equipo redactor, conclúe:

“Tras a análise da documentación presentada pódese afirmar que:

- Cumpre cos requisitos formais e de contido establecidos na normativa vixente de aplicación e co establecido nos pregos de condicións técnicas. O nivel de definición da documentación é adecuada para a súa finalidade.
- O contido recolle as condicións establecidas no que atinxe ao cumprimento de estándares de reservas, establecidas na lexislación urbanística (art 47 e 48 da LOUGA), cumpre tamén os parámetros establecidos na ficha de xestión do ámbito. Cumpre o establecido no PXOM no que atinxe aos planeamentos de desenvolvemento dos sectores de solo urbanizable.
- O plan parcial responde aos criterios e obxectivos sinalados polo PXOM para o sector.
- Cumpre as condicións establecidas na normativa urbanística no que se refire ao Sistema Viario Especial (SVE) e a normativa establecida no PXOM no que atinxe ás normas de urbanización.
- Cumpre o establecido nas Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, Decreto 29/2010 do 24 de marzo.
- Cumpre o establecido na lei 8/1997 de 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras e no seu reglamento de desenvolvemento, decreto 35/2000 de 28 de xaneiro.
- Cumpre co establecido no RDLex 2/2008 de 20 de xuño para as actuacións de nova urbanización.”

O dito informe da Xefa de Planeamento e Xestión de día 30.09.2013, acredita a subsanación das deficiencias advertidas nos informes do enxeñeiro técnico de obras públicas e do enxeñeiro municipal de camiños de datas 07.07.2010 e 19.11.2010, respectivamente.

Visto que os traballos de redacción do planeamento de referencia foron coordinados pola Xefa de Planeamento e Xestión quen emitiu informe en data 30.09.2013 sobre a suficiencia da documentación achegada e a conformidade da ordenación proposta, o día 30.09.2013, pásase o expediente á tax da Oficina de Planeamento e Xestión para que emita informe proposta sobre tramitación procedimental.

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada.

- TRLS/2008 (RDLEX. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei de Solo).
- L.8/2013, de 26 de xuño, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- L.8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio cultural de Galicia.
- L.8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia.
- L.8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- D. 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- D.29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

II. Descrición do ámbito, obxectivos e natureza xurídica do Plan Parcial do Sector «S-80-R Macal»

O PXOM/08 delimita un sector de solo urbanizable coa clave «S-80-R Macal» cuxa iniciativa de planeamento é pública, cunha superficie segundo ficha de 203.737 m² (que o Plan Parcial axusta) e un aproveitamento tipo de 0,520 m²c utc/m²s, cos seguintes usos e intensidades:

Superficie total edificable: 81.495 m²c
Índice de edificabilidade: 0,400 m²c/m²c
Uso: Residencial (uso global característico ao 100%)
Tipoloxías edificatorias: A, B, C, D, G
Ordenanzas de referencia: 4,6,7,9
Altura máxima: 4 andares

Seguindo o reflectido no informe do 30.09.2013 da Xefa de Planeamento e Xestión, resulta o seguinte cuadro comparativo de estándares entre a ficha do PXOM/08 e ás determinacións previstas no Plan Parcial de referencia:

	Plan Parcial	Ficha
Superficie delimitada	204.484,51 m ²	203.737 m ²
Superficie comp.apr.tipo	158.131,11 m ²	156.800 m ²
Edificabilidade total	81.490,82 m ²	81.495 m ²
Aproveitamento tipo	0,515 m ² /m ²	0,520 m ² /m ²
Vivenda colectiva	79,63%	---
Vivenda protexida	45,01%	45,00%
Uso residencial	100,00%	100,00%
Zonas verdes e espacios libres (computables)	34.656,33 m ²	20.684 m ²
Obras zonas verdes	2.074,12 m ²	---
Equipamentos	11.330,38 m ²	8.373 m ²
Aparcamentos	421 prazas	407 prazas
Andares máximos	4 andares	4 andares

O ámbito localízase entre as parroquias de Castrelos, Beade e Matamá, nunha zona periurbana de Vigo delimitada en torno ao vial Clara Campo Amor (vial da Universidade) que o atravesa de Norte a Sur nunha lonxitude aproximada de 1,4 km.

Defínese no PXOM/08 como un sector de planeamento remitido a desenvolver a través dun Plan Parcial que terá como obxectivos completar a trama urbana e obter as dotacións urbanísticas esixidas condicionadas pola existencia de dúas vías de capital importancia: o vial de Ronda e a Avenida da Universidade (existente), cuxa transformación en vía-parque precisará da ubicación dunha parte importante da cesión local de espazos libre á beira da mesma. Prevese a súa xestión mediante o sistema de compensación.

O Plan Parcial do Sector «S-80-R Macal» ten a natureza dun instrumento de planeamento de desenvolvemento do PXOM/08 dos previstos nos artigos 63 e seguintes da LOUGA e as súas determinacións deberán cumprir o disposto tamén nos artigos 11.1.1 e seguintes das NNUU do dito PXOM.

III. Exame da documentación técnica e cumprimento da normativa de aplicación.

O Plan Parcial sometido a aprobación inicial está conformado pola documentación presentada polo equipo redactor (Davila, Hernández e Urbes UTE) datada en decembro de 2010, nomeada Versión corrixida, (enténdese que incorpora modificacións integradas con posterioridade a esa data) que a seguir se relaciona:

- Memoria, Anexos e Planos de Información: Memoria Informativa, planos de información e topográfico
- Memoria, Anexos e Planos de Proposta: Memoria de Proposta, planos de proposta, memoria de sustentabilidade ambiental económica, estudo de dereitos de realoxo, memoria ambiental, estudo hidráulico, estudo electromagnético e estudo acústico.

Sobre a suficiencia e conformidade da documentación supra relacionada e da ordenación proposta, informaron o 24.09.2013 a técnica de medio ambiente e o 30.09.2013 a Xefa de Planeamento e Xestión, respectivamente, nas materias da súa competencia. Neste último informe do 30.09.2013 conclúese sobre o

cumprimento do Plan Parcial presentado pola adxudicaria, da normativa urbanística e sectorial de aplicación.

IV. Tramitación procedimental.

O Plan Parcial que nos ocupa ten a natureza dun instrumento de planeamento de desenvolvemento previsto no PXOM/08, polo que, obrando no expediente a Resolución do día 30.10.2009 do Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental sobre a innecesariedade do seu sometemento a avaliación ambiental estratéxica, a súa tramitación e aprobación axustarase ao procedemento que a seguir se describe:

- Aprobación inicial polo órgano competente do Concello e sometemento a información pública como mínimo durante un mes e como máximo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Simultaneamente se notificará individualizadamente a todas as persoas propietarias de terreos afectados, sendo unicamente obrigatoria a notificación as persoas titulares que figuren no catastro. Durante este prazo se recabarán os informes sectoriais que resulten preceptivos.*
- Os servizos técnicos e xurídicos municipais deberán emitir informe respecto á conformidade do plan coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada.*
- Cando, con posterioridade ao trámite de información pública, se pretenderan introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, abrirase un novo trámite de información pública.*
- Aprobación definitiva polo órgano plenario municipal.*

Polas singularidades concorrentes no ámbito de referencia, deben recabarse os informes do Consello Autonómico sobre a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras, da Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria e da Administración competente para a protección do dominio público hidráulico.

IV. Suspensión de licenzas nas zonas afectadas.

De acordo co establecido no artigo 77.2 da LOUGA o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por sí solo, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente; a estes efectos, determinará as áreas afectadas pola suspensión. Esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos a contar dende dita aprobación inicial e, en calquera caso, se extinguirá coa aprobación definitiva do planeamento, se ben unicamente afectará a aquelas licenzas que foran desconformes coa nova ordenación proxectada.

O ámbito afectado constitúe o delimitado nos planos que conforman o Plan Parcial que se somete a aprobación inicial, singularmente aqueles nos que se reflicte o axuste parcelario levado a cabo no mesmo (Planos de información I.6.1 e I.6.2, escala 1:1000). Esta suspensión unicamente operará no caso de que exista contradición entre as novas determinacións e o réxime urbanístico vixente (ex. artigo 120 RPU).

V. Órgano competente

A competencia para aprobar inicialmente o Plan Parcial do sector «S-80-R Macal» corresponde á Xunta de Goberno Local (art. 127.1.d] LRBRL), por proposta do Consello de Xerencia da XMU (art. 10º.1.b) dos Estatutos da XMU).

En consecuencia, visto o que antecede e proponse a adopción do seguinte ACORDO

- PRIMEIRO:** *Aprobar inicialmente o «Plan Parcial do Sector S-80-R Macal», redatado a iniciativa municipal polos arquitectos, D. Fco. Javier Alonso Davila e D. Antonio Hernández Crespo e Urbes Gestión del Suelo, S.L., e datado en decembro de 2010 «Versión corrixida».*
- SEGUNDO:** *Abrir un trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante a publicación de anuncios no DOG e en dous xornais de maior circulación da provincia. Durante este prazo recabaranse os informes sectoriais preceptivos.*
- TERCEIRO:** *Acordar, consonte ao artigo 77.2 da LOUGA, a suspensión de licenzas no ámbito afectado no que resulte incompatible coa nova ordenación, significando que o mesmo confórmase polo ámbito delimitado nos Plan Parcial inicialmente aprobado e, singularmente, se reflícente nos planos I.6.1 e I.6.2 (escala 1:1.000) que serán, así mesmo, obxecto da publicación referida no apartado segundo deste acordo.*
- CUARTO:** *Publicar este acordo, xunto cos documentos integrantes do «Plan Parcial do Sector S-80-R Macal», na web do Concello de Vigo.*
- QUINTO** *Notificar o presente acordo individualmente, na forma prevista nos artigos 58 e 59 da LR-XAP-PAC, a todas as persoas propietarias dos terreos afectados que figuren como titulares no catastro coa indicación expresa de que ao tratarse dun mero acto de trámite non é susceptible de recurso administrativo.*

Non obstante, o órgano competente para resolver decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

Con data 11.10.13, o Consello da Xerencia municipal de Urbanismo acorda elevar o expediente á Xunta de Goberno Local para a súa consideración.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1127).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.